



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
IES "Maximino Romero de Lema"  
☎ 981 719149 - 981 719156 Prado da Torre S/N 15150 - Baio - (Zas)  
✉ ies.maximino.romero.delema@edu.xunta.es



**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE**

**RELIXIÓN**

**CURSO**

**2017/2018**

**Centro educativo:** IES Maximino Romero de Lema  
Baio ZAS  
**Código Centro:** 15027368

As materias impartidas polo departamento de durante o curso 2017 / 2018  
é: Relixión Católica

## INDICE

1.	INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN. ....	3
2.	CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	4
3.	RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. ....	9
4.	CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS POR CURSO.....	11
5.	CONTIDOS E CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS. ....	12
5.1.	TEMPORALIZACIÓN .....	12
5.2.	MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA .....	12
5.3.	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	18
6.	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. ....	22
7.	INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE. ....	23
8.	ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. ....	23
9.	ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS (BAC).....	24
10.	DESEÑO DA VALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	24
11.	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	24
12.	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO. ....	25
13.	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES DO DEPARTAMENTO.....	26
14.	MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PLAN DE MELLORA.....	27

## 1. Introducción e contextualización.

A formación relixiosa no currículo escolar non depende da confesionalidade ou non do estado pois é un dereito fundamental da persoa recollido na Constitución:

*Os poderes públicos garantirán o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas conviccións.*

O departamento de Relixión Católica elabora esta Programación segundo a seguinte normativa de aplicación:

- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

As disposicións constitucionais responden a esta sociedade nosa que é democrática e pluralista, cuxo sistema educativo ten que corresponderse co sistema resultante das conviccións dos cidadáns pública e libremente expresadas. A relixión é un feito presente universalmente na humanidade e na nosa sociedade galega, de aí a necesidade dun estudo sistemático para comprender a nosa historia e cultura que están conformadas por crenzas, símbolos e valores do cristianismo. Neste marco a materia de relixión católica é unha disciplina equiparable ao resto das materias, con rigor científico, que se presenta como opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros. Especificamente ten como obxectivo unha educación de calidade (desde a proposta duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo) e unha formación integral do educando (facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento daqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria). A educación dos nosos rapaces quedaría mermada de non axudarlles a desenvolver todas as capacidades inherentes ao ser humano, entre as cales atópase, dun xeito constitutivo, a capacidade transcendente que é básica na persoa e adquire o seu auténtico cumprimento na procura do sentido último da vida. O IES Maximino Romero de Lema situado no Concello de Zas recolle alumnos procedentes da contorna, todos eles co factor común do cristianismo como factor imprescindible na formación das súas diversas identidades. De xeito máis ou menos acentuado iso nótase no tocante á súa cultura relixiosa e reflicten a sociedade galega na que naceron que está embebida de ritos, costumes, festas e valores de fondas e longas raíces cristiás. Tamén, desde hai uns anos, aumentou o ingreso de alumnos procedentes de outros países, cadanseu coas súas propias peculiaridades. En conclusión, o currículo da opción confesional católica que é a base desta programación didáctica arguméntase por as diversas motivacións sinaladas, en catro grandes dimensións:

**Dimensión científica:** No seu estatuto epistemolóxico orixinal a opción relixiosa católica entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidade que operan na escola. Preséntase no ámbito escolar co carácter científico co que se abordan, na cultura universitaria, as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cun fundamento e un método científico propios, implantados con rigor e tradición nos Estados da nosa contorna cultural.

**Dimensión cultural e histórica:** Ensina a incidencia que o cristianismo, nos seus contidos doutrinarios e as súas formas históricas, ten na cultura galega, española e europea. O patrimonio cultural, histórico e antropolóxico que a sociedade galega recibe do

pasado está vertebrado por contidos relixiosos dando abondosos froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social.

**Dimensión humanizadora:** O ensino relixioso católico constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, valores e crenzas que permiten ao alumno dar resposta ás súas interrogantes máis radicais, axudándolle a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. Aporta unha cosmovisión que fai posible a apertura cara o sentido último da vida e, xa que logo, ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana facéndoa libre e creativa.

**Dimensión ética:** Expón as invitacións morais que contén a mensaxe cristiá como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo. Ofrece un xeito de ver a vida onde atopar un concepto de home, un núcleo referencial de ideas e crenzas e a proposta dunha escala de principios e valores. Axuda a fundamentar os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade.

## 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Neste apartado sinalamos con cal competencia clave están relacionados o conxunto de estándares de aprendizaxe da nosa materia para ter o perfil competencial da mesma. Unha vez feitos os perfís de competencia elabóranse as rúbricas necesarias para avalialos.

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave coas súas siglas:

- 1ª) Comunicación lingüística (CCL)
- 2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- 3ª) Competencia dixital (CD)
- 4ª) Aprender a aprender (CAA)
- 5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)
- 6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- 7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

E a Resolución do 11 de febreiro de 2015, pola que se publica o currículo da ensinanza de Relixión Católica da Educación Secundaria Obrigatoria segundo a Comisión Episcopal de Ensinanza, recolle a relación de estándares de aprendizaxe avaliábeles.

Acompáñase cada estándar dunha identificación onde RE é a abreviatura da materia, a primeira cifra refírese ao bloque de contidos do cal xorde o estándar, a segunda cifra é o número do criterio de avaliación que orixina o estándar e a terceira cifra é o número do estándar dun determinado criterio de avaliación. Exemplo: RE1.1.1

Nesta fase inicial seguimos as orientacións proporcionadas polo Servizo Territorial de Inspección educativa, 7 abril 2016, e imos expoñer as rúbricas que corresponden ás catro destrezas da CCL, outra destreza da CAA e a destreza “traballo en grupo” integrada na CSC. Polo tanto son seis rúbricas. Asemade, en cada rúbrica indicamos o grao mínimo da mesma para considerar que o alumno acadou o mínimo.

As rúbricas van identificadas con siglas. Exemplo: RE\_R1º\_CCL\_EO\_1 que quere dicir: Relixión\_Rúbrica1ºESO\_Compentencia comunicación lingüística\_Expresión oral\_1ª rúbrica.

## **2.1. Competencia en comunicación lingüística.**

O ensino relixioso católico na escola sérvese da linguaxe académica e das linguaxes que conforman a cultura. O diálogo da fe coa cultura contribúe á competencia en comunicación lingüística do alumno durante a clase de relixión por os seguintes descritores:

### *2.1.1. Comunicación oral-escrita:*

- escoitar, comprender e dialogar cos compañeiros sobre textos e ideas relixiosas.
- expoñer con precisión as crenzas relixiosas.
- expresar sentimentos e emocións na linguaxe da relixión.
- expresar e argumentar as crenzas e opinións sobre a relixión.

### *2.1.2. Representación, interpretación e comprensión da realidade:*

- interpretar e comprender textos relixiosos (bíblicos, teolóxicos, doutrinais, litúrxicos, espirituais) cada un desde o seu xénero literario ou natureza específica.
- reter textos mediante a penetración na dinámica dos mesmos.
- descifrar signos, símbolos, imaxes e obxectos da relixión.
- formular preguntas achega dos feitos, obxectos ou ideas relixiosas.
- xerar hipóteses explicativas dos feitos ou ideas relixiosas que observa.

### *2.1.3. Construción e comunicación do coñecemento:*

- manexar información das diferentes fontes do coñecemento relixioso.
- coñecer e practicar os métodos de construción do coñecemento relixioso. Dedutivo: das fontes ás doutrinas, e destas a explicacións actualizadas. Indutivo: das preguntas xurdidas da análise da realidade á procura de respostas nas fontes e doutrinas relixiosas.

### *2.1.4. Organización e autorregulación do pensamento, as emocións e as condutas:*

- captar a dimensión estética da linguaxe relixiosa narrativa ou simbólica.
- organizar o coñecemento da realidade relixiosa en esquemas conceptuais.
- observar feitos e condutas e relacionalos con causas e consecuencias materiais e emocionais.
- formular xuízos e/ou decisións éticas fundamentadas no código relixioso.
- utilizar o diálogo para confrontar as ideas relixiosas dos demais coas propias.

Ter en conta as ideas dos demais en materia de relixión.

## **2.2. Competencia matemática.**

O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática cando axuda a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, cando contabiliza expresións de cifras que aparecen no currículo e cando usa estatísticas para a descrición e a análise da realidade social. Descritores correspondentes:

### *2.2.1. Utilización e relación de formas de expresión e razoamento lóxico:*

- clasificar os obxectos, feitos e ideas da relixión en conxuntos coherentes.

- Aplicar o razoamento dedutivo ás crenzas relixiosas, condutas e consecuencias.
- Empregar o razoamento indutivo partindo da observación da realidade para formular principios relixiosos.
- Aplicar o razoamento lóxico na formulación das preguntas e respostas sobre a relixión.
- Expoñer o pensamento relixioso seguindo cadeas argumentais.
- Construír unha visión do mundo consecuente coas crenzas relixiosas.

### **2.3. Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico.**

As clases de relixión contribúen ao desenvolvemento desta competencia a través das ciencias relixiosas, iluminando as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano co medio físico e con si mesmo. Tamén contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez apoia e dá sentido ás habilidades e destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde esta competencia. Descritores:

#### *2.3.1. Interactuar co mundo físico nos espazos naturais e xerados pola acción humana:*

- Contemplan o mundo físico nas súas dimensións material e simbólica.
- Observar de forma metódica e sistemática a realidade relixiosa.
- Utilizar as Ciencias da Relixión para a análise e comprensión da realidade relixiosa.

#### *2.3.2. Posibilitar a comprensión dos sucesos e a predición das súas consecuencias:*

- Buscar respostas relixiosas ao sentido último da realidade física, respectando a lexítima autonomía da natureza e do coñecemento científico.
- Detectar os factores morais, filosóficos e relixiosos implicados nos problemas do medio ambiente.
- Coñecer o pensamento relixioso sobre a realidade física e medioambiental.

#### *2.3.3. Elaborar actividades dirixidas a mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto de seres vivos:*

- Instaurar na vida propia a experiencia contemplativa cara ao medio natural como espazo de realización humana máis aló da súa dimensión utilitarista ou consumista.

Elaborar proxectos para a preservación e mellora do medio ambiente mediante a aplicación de principios, actitudes e comportamentos baseados na relixión.

### **2.4. Competencia no tratamento da información e dixital.**

O ensino relixioso integra as TIC para o tratamento da información, para a súa obtención e selección crítica. É unha materia na que teñen un importante papel os recursos tecnolóxicos ao alcance de estudantes e profesores, pois facilitan o traballo tradicional e ofrecen novas aplicacións. Para esta competencia usaremos os seguintes descritores:

#### *2.4.1. Obter información, procura, selección, rexistro e tratamento:*

- Coñecer e utilizar fontes de información sobre o feito relixioso.
- Aplicar criterios para a selección da información relixiosa.
- Utilizar instrumentos de rexistro para a información relixiosa.

#### *2.4.2. Transformar a información en coñecemento:*

- Organizar en conxuntos coherentes e en esquemas conceptuais previos a información relixiosa obtida.

- Conectar a información relixiosa coas inquietudes e necesidades relixiosas dos seres humanos concretos.

#### 2.4.3. *Comunicar a información:*

- Utilizar os medios TIC para a comunicación da información e do coñecemento relixioso.
- Intercambiar información e ideas relixiosas mediante a Rede.

### 2.5. Competencia social e cidadán.

Na súa acción humanizadora, o ensino relixioso católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumnado, en orde a facer posible a maduración da corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da cooperación, da liberdade, a xustiza, a igualdade e a caridade; todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus, revelado en Xesucristo e, ao mesmo tempo, como resposta ás grandes preguntas sobre o sentido da vida que xa nesta idade fórmulanse os alumnos/as.

#### 2.5.1. *Comprender a realidade social:*

- Coñecer e comprender o feito relixioso e a súa diversidade na sociedade actual.
- Comprender a existencia de diversas perspectivas para a análise da realidade relixiosa.
- Valorar a achega da relixión en aspectos da realidade social (institucións, ética, leis...)

#### 2.5.2. *Cooperar e convivir:*

- Investigar en equipo sobre o feito relixioso.
- Valorar e respectar o principio democrático de liberdade relixiosa e de conciencia.
- Cooperar en proxectos con crentes doutras relixións.
- Dialogar sobre situacións e problemas de carácter ético e relixioso.

Aplicar os principios da ética relixiosa á resolución de conflitos.

#### 2.5.3. *Exercer a cidadanía democrática e contribuír a mellorala:*

- Detectar e formular problemas de orde relixiosa a partir da observación da realidade social a escala planetaria e local.
- Valorar e utilizar os principios do pensamento relixioso como instancia crítica da sociedade.
- Mostrar un diálogo interrelixioso e ecuménico como medio de encontro entre culturas, integración das persoas, enriquecemento mutuo e construción da paz mundial.
- Apreciar e respectar o principio democrático de laicidade.

### 2.6. Competencia cultural e artística.

O ensino relixioso católico non soamente aporta á competencia cultural e artística uns coñecementos da arte e cultura con referencia relixiosa e unhas destrezas, senón tamén o sentido e profundidade da súa presenza que remite a un xeito concreto de ver a vida, de expresala e de vivir a cultura desde a achega cristiá. Facendo isto contribúe activamente á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

#### 2.6.1. *Comprensión, coñecemento, apreciación, valoración crítica:*



- Comprender as obras artísticas relixiosas desde as experiencias e/ou os textos relixiosos que as inspiran así como desde as experiencias e/ou as mensaxes que pretenden transmitir.
- Expresar elementos relixiosos a través da creatividade, a imaxinación e a iniciativa.
- Coñecer e apreciar o patrimonio artístico de inspiración relixiosa.
- Interpretar a evolución do pensamento relixioso a través das manifestacións artísticas do mesmo ao longo da historia.

#### 2.6.2. *Creación, composición, implicación:*

- Crear expresións artísticas desde a propia percepción do relixioso.
- Mostrar interese e participar na vida cultural e relixiosa da comunidade.
- Mostrar interese e contribuír na conservación do patrimonio artístico relixioso.

### 2.7. Competencia para aprender a aprender.

O ensino da relixión contribúe ao desenvolvemento da competencia de aprender a aprender fomentando as capacidades de aprendizaxe: atención, memoria, experiencia, o impulso do traballo en equipo, a síntese da información e opinión. Axúdalle aos alumnos a ser protagonistas da súa propia aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore activa e libremente co plan divino.

#### 2.7.1. *Tomar conciencia das propias capacidades e coñecementos:*

- Mostrar interese por coñecer e comprender a realidade relixiosa.
- Tomar conciencia das capacidades persoais que poden supoñer achegas positivas á comunidade crente ou ao feito relixioso na sociedade.
- Ter unha idea axustada do propio nivel de coñecemento, comprensión e compromiso co feito relixioso.

#### 2.7.2. *Xestionar e controlar as propias capacidades e coñecementos:*

- Investigar de xeito persoal no ámbito da relixión.
- Suscitarse e formular preguntas sobre a realidade relixiosa.
- Transformar a información relixiosa en coñecemento propio.
- Aplicar coñecementos relixiosos a diferentes situacións e contextos.
- Atopar e utilizar canles para canalizar as capacidades persoais tanto na comunidade crente como no feito relixioso na sociedade.

#### 2.7.3. *Manexar de forma eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual:*

- Manexar as ferramentas básicas de procura de información aplicadas á investigación do feito relixioso.
- Sintetizar o coñecemento relixioso en esquemas conceptuais.
- Ser capaz de relacionar o coñecemento relixioso coas cuestións antropolóxicas ás que fan referencia.
- Estar ao día da información relixiosa a través dos medios de comunicación.
- Coñecer e valorar as diferentes fontes de información relixiosa.

### 2.8. Competencia sobre autonomía e iniciativa persoal.

Por propoñer a Xesucristo como camiño que xera autonomía e liberdade, e por o testemuño de homes e mulleres santos ao longo da historia, o ensino relixioso católico

diríxese á persoa concreta nas súas raíces e na súa identidade propia, nas súas posibilidades humanas de acción e de servizo facendo posible que o alumnado se coñeza a si mesmo no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido educándoo na iniciativa persoal e autónoma polo ben e a verdade.

#### 2.8.1. Valores e actitudes persoais:

- Mostrar as súas propias calidades como ferramentas ao servizo dunha misión cara ao mundo global e próximo.
- Demostrar sentido ético ante a vida (convicción de que a acción require reflexión e discernimento).
- Entender o traballo humano como fonte de realización persoal e de servizo á sociedade.
- Entender a relixión como factor de humanización, de xustiza e de paz.
- Emitir xuízos éticos e tomar decisións inspiradas nos principios morais da relixión.

#### 2.8.2. Planificación e realización de proxectos:

- Avaliar accións e proxectos da comunidade relixiosa.
- Planificar e participar en proxectos relacionados coa misión cristiá.

Adaptar proxectos misioneiros a contextos e situacións propias dun Centro educativo.

#### 2.8.3. Habilidades sociais de relación e de liderado de proxectos:

- Propoñer proxectos relacionados coa misión a outros compañeiros co fin de animar unha acción colectiva.

### 3. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

CCL	ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA
DESTREZAS	RE1.1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que recoñece que a realidade é dada.
Expresión oral: EO	RE 1. 2.1 Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus. RE 1.3.1 Relaciona e distingue, explicando coas súas verbas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico.
Expresión escrita: EE	RE 1.4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación. RE 2.2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e verbas de Deus nos que identifica a manifestación divina.
Comprensión oral: CO	RE 2.3.1 Recorda e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel. RE 3.1.1 Identifica e clasifica de maneira xustificada as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús

Comprensión escrita: CE	<p>nos relatos evanxélicos</p> <p>RE 3.2.1 Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.</p> <p>RE 3.3.1 Ordena e explica coas súas palabras os pasos do proceso formativo dos evanxeos.</p> <p>RE 4.1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus, autoridade e caridade.</p>
-------------------------	---

CAA	ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA
<p>DESTREZAS</p> <p>Perfil de aprendiz: PA</p> <p>Ferramentas para estimular o pensamento: FE</p> <p>Planificar e avaliar: PA</p>	<p>RE 1.1.1 Expressa por escrito sucesos imprevistos nos que recoñece que a realidade é dada.</p> <p>RE 1.1.2 Avalía, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.</p> <p>RE 1.4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación.</p> <p>RE 2.1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel.</p> <p>RE 2.2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p> <p>RE 3.1.1 Identifica e clasifica de xeito xustifico as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos.</p> <p>RE 3.1.2 Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas as dúas naturezas expresadas nos relatos evanxélicos.</p>

CSC	ESTÁNDARES RELACIONADOS CON ESA COMPETENCIA
<p>DESTREZAS</p> <p>Educación cívica e cosntitucional:EC</p> <p>Relación cos demais: RD (Aquí está "Traballo en grupo")</p>	<p>RE 1.1.1 Expressa por escrito sucesos imprevistos nos que recoñece que a realidade é dada.</p> <p>RE 1.1.2 Avalía, compartindo cos seus compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.</p> <p>RE 2.1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta historia para a humanidade.</p> <p>RE 2.3.1 Recorda e explica construtivamente, de modo oral ou por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p> <p>RE 4.1.1 Sinala e explica as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, palabra de Deus, autoridade e caridade.</p> <p>RE 4.2.1 Coñece e respecta que os sacramentos son</p>

Compromiso social. CS	acción do Espírito para construír a Igrexa.
-----------------------	---

## 4. Concreción de obxectivos por curso

Obxectivos xerais

Temporalización

Valorar a situación na que chegan os alumnos.

Preparar os recursos técnicos necesarios

Desde o comezo das clases ata principios de outubro.

Identificar as características principais da relixión na Prehistoria.

- Recoñecer un mito nunha historia dada e identificar as súas características.
- Recoñecer os trazos principais do hinduísmo e do budismo.
- Identificar as características xerais das tres relixións monoteístas: xudaísmo, cristianismo e islam.
- Coñecer todo o referente ao país e infancia de Xesús.
- Describir á Virxe María. 1ª Avaliación -Recoñecer a Xesucristo como o gran modelo
- 1ª Avaliación -Recoñecer a Xesucristo como o gran modelo
- Recoñecer a Xesucristo como o gran modelo
- Recoñecer a Xesucristo como o gran modelo
- Identificar os relatos , as mensaxes e os feitos que utilizou Xesús para facer presente o Reino de Deus.
- Valorar a influencia da vida de Xesús no arte.(Concretar no cine).
- Identificar que se celebra cada díade Semana Santa e recoñecer as procesións como manifestacións consentido relixioso.
- A partir dos relatos evanxélicos das aparicións de Xesucristo descubrir o sentido da resurrección e identificar o proceso de recoñecemento do Resucitado.
- Relacionar Pentecoste e Pascua 2ª Avaliación -A vida como un regalo de Deus. O proxecto de vida dos cristiáns a partir do proxecto de vida de Xesús.
- 2ª Avaliación -A vida como un regalo de Deus. O proxecto de vida dos cristiáns a partir do proxecto de vida de Xesús.
- A vida como un regalo de Deus. O proxecto de vida dos cristiáns a partir do proxecto de vida de Xesús.

-A vida como un regalo de Deus. O proxecto de vida dos cristiáns a partir do proxecto de vida de Xesús.

- Recoñecer o matrimonio como un verdadeiro proxecto de vida e de amor.

- Coñecer o sacramento do Matrimonio e o significado da familia como Igrexa doméstica.

## 5. **Contidos e concreción para cada estándar de aprendizaxe que forman parte dos perfís competenciais.**

### 1.1. *Temporalización*

#### **Desde o comezo das clases ata principios de outubro**

0. Unidade de inicio: Presentación, Biblia, portátil Abalar, avaliación inicial, e-mail, seguridade na rede

#### **1ª Avaliación**

1. O inicio das relixións

2. As relixións actuais

3. O nacemento de Xesús

#### **2ª Avaliación**

4. Palabras e feitos de Xesús

5. Paixón e morte de Xesús

6. A gran festa cristiá

#### **3ª Avaliación**

7. A vida dos cristiáns

8. Compartir a vida

### 1.2. *Mínimos esixibles para superar a materia*

Os mínimos esixibles na materia de relixión católica neste curso 2016-2017 para Primeiro ESO serán acadados polos alumnos sempre que cumpran os seguintes requisitos:

1 Que o alumno teña mantido ao longo do curso unha actitude positiva de participación e implicación nas actividades e tarefas propostas. Inclúe tamén que teña desenvolvido o respecto aos demais e aos materiais usados, sexan persoais, de compañeiros ou do Centro.

2 Que o alumno teña realizado, a lo menos, o 50% das tarefas propostas para o grupo durante o curso e que reflicte esa realización nun caderno de apuntamentos, nos envíos de correo electrónico ou nun blog. Estes han de estar limpos, ordenados e gardando as normas de respecto debidas.

- 3 Que o alumno entregue o necesario nos prazos previstos.
- 4 Que o alumno saiba buscar unha cita na Biblia.
- 5 Que o alumno identifique as características principais da relixión na Prehistoria e que recoñeza un mito entre algúns textos.
- 6 Que o alumno compare tres nomes de deuses da relixión nas antigas Grecia e Roma.
- 7 Que o alumno organice nunha táboa os trazos principais das cinco grandes relixións da actualidade.
- 8 Que o alumno sintetice nunha breve redacción o nacemento, vida, mensaxe, paixón, morte e resurrección de Xesucristo.
- 9 Que o alumno formule algunhas características da vida cristián podendo facer uso de parábolas, manifestacións artísticas, símbolos da cultura galega ou calquera recurso que el queira utilizar.

Que o alumno diferencie as calidades e compromisos do amor cristián e do sacramento do matrimonio ante outras manifestacións do amor humano.

RE_R1º_CCL_EO_1	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
<p>Coñece e explica soamente con axuda, e guiándolle cunhas pautas concretas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e no relato bíblico.</p> <p>Expresa só algunhas características das explicacións teolóxica e científica da creación, pero non establece semellanzas e diferenzas entre estas a pesares de lecturas de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.</p>	<p>Coñece explica con axuda, e seguindo unhas pautas concretas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e no relato bíblico e tamén nas tradicións, na observación de obras de arte propias de cada unha no ámbito escolar.</p> <p>Expresa guiándolle, as semellanzas e diferenzas máis evidentes entre a explicación teolóxica e científica da</p>	<p>Coñece e explica con bastante precisión a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e no relato bíblico e tamén nas tradicións, na observación de obras de arte propias de cada unha no ámbito escolar en na contorna social.</p> <p>Expresa sen necesidade de guía, as semellanzas e diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación, coa</p>	<p>Coñece e explica de forma clara, e bastante completa e orixinal, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e no relato bíblico e tamén nas tradicións, na observación de obras de arte propias de cada unha no ámbito escolar en na contorna social.</p> <p>Expresa sen necesidade de guía, con detalle e vocabulario apropiado, as semellanzas e diferenzas entre a explicación</p>

	creación, coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas	lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.	teolóxica e científica da creación, coa lectura de textos significativos da Biblia, a escoita de cancións e visionado dalgún fragmento de películas.
--	---	--	--

RE_R1º_CCL_EE_2	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
<p>Redacta palabra a palabra, sen reflexión, e a pesar de guiarlle, a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus nun caderno de papel.</p> <p>Expresa por escrito moi sinxelamente sucesos imprevistos nos que recoñece que a realidade é un don.</p>	<p>Redacta, o máis relevante e significativo utilizando vocabulario sinxelo, a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus axudándose de materiais audiovisuais e webs.</p> <p>Expresa por escrito de xeito coherente sucesos imprevisto nos que recoñece que a realidade é un don.</p>	<p>Redacta con claridade e vocabulario adecuado no seu caderno a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus axudándose de materiais audiovisuais e webs.</p> <p>Expresa por escrito con redacción longa e clara os sucesos imprevisto nos que recoñece que a realidade é un don.</p>	<p>Describe no seu caderno redactando con claridade, creatividade e vocabulario específico a orixe do mundo e a realidade como froito do designio amoroso de Deus axudándose de materiais audiovisuais e webs.</p> <p>Expresa por escrito reelaborando con ideas orixinais os sucesos imprevisto nos que recoñece que a realidade é un don.</p>

RE_R1º_CCL_CO_3	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
-----------------	--	--	--

Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
<p>Comprende e interpreta só de forma eventual, a pesar de darlle axuda, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p> <p>Sen destacar trazos significativos, expresa as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.</p> <p>Compara soamente con moita axuda de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p>	<p>Comprende e describe con axuda, aínda que sen detalles, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p> <p>Compara, expresando de maneira sinxela, as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.</p> <p>Elabora de maneira sinxela, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p>	<p>Comprende, interpreta e describe con vocabulario adecuado, sen necesidade de guía, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina destacando algunhas accións e xestos achegando exemplos.</p> <p>Compara expresando de maneira adecuada e con argumentos as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.</p> <p>Elabora con vocabulario adecuado, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p>	<p>Comprende, interpreta e describe usando vocabulario específico, xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina destacando algunhas accións e xestos achegando exemplos.</p> <p>Compara oralmente de maneira adecuada, con argumentos de proporcionando exemplos, as distintas formas de presenza de Xesucristo na Igrexa.</p> <p>Elabora con ideas creativas e orixinais, de modo oral, accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p>

RE_R1º_CCL_CE_4	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
Relaciona e lee de xeito moi impreciso, de forma aleatoria e a pesar de darlle pautas guiadas, as diferenzas entre a	Relaciona e lee seguindo pautas guiadas e de forma simple as diferenzas entre a natureza	Relaciona e lee con claridade, utilizando o termo adecuado as diferenzas entre a natureza	Lee de forma reflexiva, sen axuda, entendendo termos difíciles e clasifica de xeito



<p>natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos.</p> <p>Logra, unicamente con moita axuda e a pesar de proporcionarlle dicionarios e recursos, facer comprensión escrita nos textos evanxélicos dos trazos da persoa de Xesús.</p> <p>Moi de cando en cando recoñece ao ler os pasos do proceso formativo dos evanxeos aportando exemplos das súas lecturas no entorno persoal.</p>	<p>divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar.</p> <p>Recoñece, con guías, a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús.</p> <p>Distingue e xulga o que lee dos pasos do proceso formativo dos evanxeos aportando exemplos das súas lecturas no entorno persoal.</p>	<p>divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar e na contorna persoal máis próxima.</p> <p>Recoñece a partir da lectura dos textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús.</p> <p>Ordena de forma reflexiva e clara, achegando exemplos, os pasos do proceso formativo dos evanxeos aportando exemplos das súas lecturas no entorno educativo e persoal.</p>	<p>xustificado as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos investigando diversas fontes no ámbito escolar e na contorna persoal máis próxima.</p> <p>Recoñece a partir da lectura os textos evanxélicos os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil.</p> <p>Ordena de forma autónoma e con pensamento orixinal e coas súas palabras, os pasos do proceso formativo dos evanxeos aportando exemplos das súas lecturas no entorno educativo, persoal e público.</p>
--	--	---	--

RE_R1º_CAA_PA_5	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
Deseña, só con axuda e seguindo un modelo concreto, un plan de traballo sobre sucesos e situacións	Analiza situacións elixindo a estratexia máis axeitada para	Marca e revisa os tempos e as metas para pescudar sucesos e	Desenvolve con autonomía a planificación das tarefas sobre sucesos e

<p>nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus sen explicar o seu significado.</p> <p>Diferenza eventualmentes e a pesar de darlle pautas que a realidade é un don e só de maneira mecánica sen reflexión, busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina</p>	<p>razoar sobre situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus explicando o seu significado con axuda de textos.</p> <p>Aporta, usando pautas guiadas, experiencias de que a realidade é un don e con argumentos escasos pero axeitados busca relatos bíblicos e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p>	<p>situacións nas que queda de manifesto que a realidade é un don de Deus explicando o seu significado con axuda de analoxías.</p> <p>Constrúe, sen necesidade de guía, solucións orixinais a idea de que a realidade é un don e, e con argumentos simples pero elaborados persoalmente, busca relatos bíblicos reflexionando sobre o seu propio proceso e selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p>	<p>situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus explicando o seu significado con axuda de analoxías e aportando exemplos.</p> <p>Constrúe, de forma autónoma e reflexiva, estratexias de pensamento sobre a realidade como un don con argumentos elaborados de seu e con claridade buscando nova información dos relatos bíblicos e avaliando o seu propio proceso, selecciona xestos e palabras de Deus nos que identifica a manifestación divina.</p>
---	---	--	--

RE_R1º_CSC_RD(traballo grup)_6	Grao mínimo para considerar que o alumno acadou o mínimo		
Cualificación 0-4	Cualificación 5-6	Cualificación 7-8	Cualificación 9-10
<p>Non favorece o traballo colectivo ao non recoñecer no grupo de iguais as formas de presenza de Xesucristo.</p> <p>Enfoca de maneira negativa as súas condutas e dificulta o traballo do</p>	<p>Asume as súas responsabilidades negociando co grupo os prazos e obriga dos traballos colectivos apoiándose nas distintas formas</p>	<p>Favorece coa súa actitude un clima propicio para o traballo de grupo e a comunicación cos seus iguais apoiándose</p>	<p>Comprométese cos seus iguais no traballo cooperativo e promove unha convivencia pacífica apoiándose nas distintas</p>

<p>grupo coa súa conduta disruptiva non tendo en conta os valores de humanidade aportados nas accións de Deus para co pobo de Israel.</p> <p>Non axuda a que o grupo teña mellores resultados, pois non asume a súa influencia xa que carece do sentido da responsabilidade para o ben da comunidade.</p>	<p>da presenza de Xesucristo que identifica no grupo.</p> <p>Acepta a diversidade de opinións xerando un ambiente de relación cómoda por mor do que analiza de accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p> <p>Promove a colaboración do grupo co cumprimento das normas sobre os conflitos na aula pois coñece e respecta nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.</p>	<p>nas distintas formas de presenza de Xesucristo que identifica na comunidade eclesial.</p> <p>Acepta a crítica construtiva na xestión de conflitos por do que analiza de accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p> <p>Promove a colaboración do grupo coas súas comunicacións sobre os coñece e respecta nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.</p>	<p>formas de presenza de Xesucristo que identifica na comunidade eclesial.</p> <p>Aplica principios democráticos, solidariedade e respecto os seus compañeiros por do que analiza de accións que reflicten o desvelarse de Deus para co pobo de Israel.</p> <p>Promove a colaboración do grupo coas súas accións sobre os coñece e respecta nesa pequena comunidade actúa o Espírito para construír a Igrexa.</p>
---	--	---	---

### 1.3. *Procedementos e instrumentos de avaliación*

#### **Procedementos de avaliación.**

Nos procedementos de avaliación recolleamos todos os métodos que fan posible contrastar o grao de aprendizaxe da materia tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, isto é as competencias básicas, os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación. Os métodos agrupámoslos en catro grandes bloques: observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas.

**AVALIACIÓN ORDINARIA.** Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, unha por cada trimestre. A deste último coincidirá coa avaliación final ordinaria do mes de xuño.

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA** Estará baseada nos contidos mínimos que constan nesta Programación Didáctica.

## Instrumentos de avaliación.

Os instrumentos de avaliación constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

§**Observación sistemática:** Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a diario na aula. Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns.

§**Producións do alumno:** Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografías, informes.

§**Expresións orais:** Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, do seu comportamento, da integración cando o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común. Respecto aos quendas nos debates.

**Probas específicas:** probas tipo test e cuestionarios. (A verdadeiro ou falso, a encher espazos en branco, aparellar de selección múltiple). Exposición dun tema. Interpretación de datos.

## Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO.

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de relixión na Primaria. Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

## Concreción para 1º ESO.

Lenda: o símbolo en forma de cadrado indica o procedemento e o asterisco indica o instrumento de avaliación.

PRIMEIRO DE ESO					
ESTÁNDARES	1ªAV.	2ªAV.	3ªAV.	GRAO MÍNIMO	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
RE1.1.1 Expresa por escrito sucesos imprevistos nos que reconece que a realidade é dada		x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EE_2	<input type="checkbox"/> Proc: Análise da produción dos alumnos * Instr: Caderno de clase.
RE1.1.2 Avalía, compartindo cos seus	x	x		O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EE_2	<input type="checkbox"/> Proc: Intercambios orais cos alumnos.

compañeiros, sucesos e situacións nas que queda de manifesto que a realidade é don de Deus.					* Instr: Guión de entrevista para comunicación verbal planificada.
RE1.2.1 Argumenta a orixe do mundo e a realidade como froito do desegno amoroso de Deus.	x	x		O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EE_2	<input type="checkbox"/> Probas específicas * Exposición dun tema
RE1.3.1 Relaciona e distingue, explicando cas súas verbas, a orixe da creación nos relatos míticos da antigüidade e o relato bíblico	x		x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EO_1	<input type="checkbox"/> Cuestionario * Cuestionarios
RE1.4.1 Coñece e sinala as diferenzas entre a explicación teolóxica e científica da creación	x		x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EO_1	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Investigación en Internet
RE1.4.2 Respecta a autonomía existente entre as explicacións, teolóxica e científica da creación	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EO_1	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Traballo de explicación e síntese
RE2.1.1 Coñece, interpreta e constrúe unha liña do tempo cos principais acontecementos e personaxes da historia de Israel	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_EO_3	<input type="checkbox"/> Observación sistemática * Análise sistemático das tarefas realizadas en clase
RE2.1.2 Mostra interese pola historia de Israel e dialoga con respecto sobre os beneficios desta	x	x		O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CO_3	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Producción oral

historia para a humanidade					
RE2.2.1 Busca relatos bíblicos e selecciona xestos e verbas de Deus nos que identifica a manifestación divina.	x		x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CO_3	<input type="checkbox"/> Observación sistemática * Rexistro da ausencia ou presenza dun determinado trazo, conduta ou secuencia de accións.
RE2.3.1 Recordar e explica constructivamente de modo oral e por escrito, accións que reflicten o desvelarse de Deus para o pobo de Israel		x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CO_1	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Valoración dos resumos
RE3.1.1 Identifica e clasifica de maneira xustificada as diferenzas entre a natureza divina e humana de Xesús nos relatos evanxélicos	x	x		O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CE_4	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Xogos de simulación dramáticos
RE3.1.2 Esfórzase por comprender as manifestacións de ambas naturezas expresadas nos relatos evanxélicos			x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CE_4	<input type="checkbox"/> Probas específicas * Proba aberta na que o alumno ten que construír as respostas
RE3.2.1 Recoñece, a partir da lectura dos textos evanxélicos, os trazos da persoa de Xesús e deseña o seu perfil	x	x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CE_4	<input type="checkbox"/> Probas específicas * Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinale ou complete con resposta alterna.
RE3.3.1 Ordena e explica, coas súas verbas, os pasos do proceso	x		x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CCL_CE_4	<input type="checkbox"/> Probas específicas * Exposición dun tema

formativo dos evanxeos					
RE4.1.1 Sinala e explica as diversas formas da presenza de Xesucristo na Igrexa: sacramentos, Palabra de Deus, autoridade e caridade		x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CSC_RD_(traballo grupo)_6	<input type="checkbox"/> Probas específicas *Proba específica con preguntas moi concretas e opcións de resposta fixa para que o alumno escolla, sinale ou complete con termos parecidos
RE4.2.1 Coñece e respecta que os sacramentos son acción do Espírito para construír a Igrexa	x	x		O especificado na rúbrica RE_R1º_CSC_RD_(traballo grupo)_6	<input type="checkbox"/> Análise da produción dos alumnos * Monografía
RE4.2.2 Asocia a acción do Espírito nos sacramentos coas diferentes etapas e momentos da vida.		x	x	O especificado na rúbrica RE_R1º_CSC_RD_(traballo grupo)_6	<input type="checkbox"/> Observación sistemática * Rexistro nunha ficha

## 6. Criterios de cualificación.

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada asignatura. Son os establecidos para a Educación Secundaria Obligatoria no currículo publicado pola Comisión de Ensino da Conferencia Episcopal Española (Resolución de 11 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o currículo do ensino de Relixión Católica da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obligatoria e Bachillerato).

1. Recoñecer e valorar que a realidade é don de Deus.
2. Identificar a orixe divina da realidade.
3. Contrastar a orixe da creación nos diferentes relatos relixiosos achega da creación.
4. Diferenciar a explicación teolóxica e científica da creación.

1. Coñecer, contrastar e apreciar os principais acontecementos da historia de Israel.
2. Sinalar e identificar os diferentes modos de comunicación que Deus usou nas distintas etapas da historia e Israel.

3. Distinguir e comparar o procedemento co que Deus se manifesta nas distintas etapas da historia de Israel.

1. Distinguir en Xesús os trazos da súa natureza divina e humana.
2. Identificar a natureza e finalidade dos evanxélicos.
3. Coñecer e comprender o proceso de formación dos evanxeos.

1. Comprender a presenza de Xesucristo hoxe na Igrexa.
2. Recoñecer que a acción do Espírito Santo dá vida á Igrexa.

## 7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e práctica docente.

Avaliación inicial na primeira quincena do curso.

- Recapitulación do proceso de ensino na memoria final.
- Avaliación da temporalización das distintas unidades didácticas.
- Avaliación final dos alumnos do proceso de ensino-aprendizaxe do curso.

Para revisar o desenvolvemento da programación fixándonos nos aspectos metodolóxicos, na idoneidade dos materiais e recursos e, loxicamente, en todo proceso de aprendizaxe, faremos un rexistro tal que a interpretación dos resultados e as modificacións necesarias (se as houbera), quedarán reflectidas nas actas da reunión de Departamento e na memoria final de curso nunha táboa como a seguinte Lenda:

	1- pouco/nunca	2- poucas veces	3- case sempre	4- moito/sempre
Proxectando				
1. A programación é clara				
2. Cumplíuse o programado para o trimestre				
3. é necesaria algunha modificación na programación				
Desenvolvemento				
1. Introduzo cada novo exercicio e presento o plan de traballo explicando a súa finalidade				
2. Informo o alumnado de como avalío cada exercicio				
3. Pido o material necesario para cada proposta con antelación suficiente				
Avaliación				
1. Os resultados axústanse á dinámica da clase				
2. O alumnado entende como avalío				
3. Flexibilizo os criterios de cualificación recollidos na programación				

## 8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Neste curso académico 2017-18 non hai alumnos con materias pendentes.

A) Se un alumno ten pendente a relixión católica do curso anterior e continúa cursándoa, valorarase no primeiro trimestre se o alumno vai acadando os contidos mínimos co



rendemento no actual curso. Esa valoración será mediante unha proba escrita ou oralmente mediante preguntas no desenvolvemento das clases habituais. Se o alumno non acadara os obxectivos mínimos ao longo do curso poderá optar por realizar unha nova proba de pendentes en Setembro.

B) No caso de que o alumno non siga cursando a materia de relixión realizará, coincidindo coa primeira avaliación, unha proba axeitada ós contidos mínimos. Se non a supera terá, a final de curso, outra proba ou entrega de traballos relacionados cos temas correspondentes. En calquera caso os plans para a superación serán os propios do nivel que lle quedou pendente ao alumno. E a avaliación terá carácter continuo sendo sumamente importante o interese que mostre o alumno.

## **9. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios (BAC).**

## **10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados.**

Realizarase unha proba escrita específica a principio de curso, preferentemente na segunda quincena de setembro, para diagnosticar a situación de partida do alumnado pois coñecer as competencias coas que chega o alumno é moi importante para poder detectar casos que precisen atención á diversidade. Os contidos desa proba serán os axeitados aos contidos mínimos do curso anterior da ESO que cada grupo de alumnos teña realizado agás no caso de 1º ESO onde os contidos da proba estarán relacionados cos contidos de relixión na Primaria. Esa proba escrita pode conter preguntas obxectivas así como de texto incompleto, de emparellamento e de opción múltiple. Tal proba terá un carácter informativo e non terá validez para a cualificación final.

### ***9.1.- Medidas individuais ou colectivas a adoptar en función dos resultados***

As medidas a adoptar será adaptar as actividades da programación ó nivel e características dos alumnos e quedarán reflectidas na memoria final.

## **11. Medidas de atención á diversidade**

No ensino da relixión temos o convencemento de que cada persoa é única e irrepitible polo que a atención á diversidade está sempre presente. Habitualmente ocorre que algúns alumnos teñen necesidades educativas especiais asociadas a algún tipo de discapacidade física ou mental, outros necesitan axudas técnicas e outros están máis adiantados nas súas calidades requirindo ensinanzas alternativas para satisfacer as súas posibilidades en toda plenitude. En todo caso seguiranse as directrices que marque o Plan de Atención á Diversidade do Centro. Evidentemente traballaremos de acordo co diagnóstico psico-pedagógico en estreita relación co Departamento de Orientación do Centro e en sintonía cos profesores compañeiros de Pedagogía Terapéutica. Ademais,

para ser fieis á singularidade de cada alumno e alumna trataremos de:

Escoller en cada caso o máis apropiado propoñendo variedade de actividades para un mesmo contido: non todos os alumnos realizarán as mesmas actividades. Diferenciamos contidos prioritarios dos outros complementarios e de ampliación.

Graduar as diversas aproximacións que poden darse a un mesmo criterio de avaliación.

Utilizar metodoloxías diversas, empregando materiais didácticos variados e graduados en función da súa dificultade.

Favorecer equipos na clase que posibiliten a interacción: agrupamentos flexibles e ritmos distintos. Os grupos de traballo non estarán sempre formados por os mesmos alumnos senón que estarán en función da tarefa a realizar.

Para alumnos máis motivados faranse actividades de ampliación que lles axuden a desenvolver as súas capacidades.

Para alumnos con dificultades no proceso normal de aprendizaxe ofreceranse actividades sinxelas, breves e de reforzo coa intención de prestarlles todo o apoio que precisen.

## 12. Concreción dos elementos transversais en cada curso.

Os alumnos terán a súa disposición material de reforzo, e poderán consultar dúbidas ou medir material complementario na aula, nos recreos e no correo electrónico.

Na Educación Secundaria Obrigatoria, elementos como a comprensión lectora, a expresión oral, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional trabállanse en todas as materias. Da mesma maneira, foméntase o desenvolvemento de valores como a igualdade entre homes e mulleres e a non-discriminación por condicións circunstanciais persoais ou sociais. O ensino transversal tamén inclúe a educación na resolución pacífica de conflitos e en valores que sustenten a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos. De entre as ensinanzas transversais, na materia de Relixión Católica de 3º ESO destacan especialmente:

### **Educación moral e cívica:**

- Valoración das distintas respostas fronte ao sufrimento e respecto pola necesidade de sentirse amado que ten cada ser humano.
- Disposición a formarse unha conciencia moral.
- Disposición a recoñecer as actitudes que favorecen o encontro persoal cos demais.
- Recoñecemento dos valores cristiáns e da súa capacidade para influír na cultura actual.
- Valoración da opción polos pobres.

### **Educación para a igualdade de oportunidades:**

- Comprensión das repercusións da mensaxe e a forma de actuar de Xesús, que anima aos cambios nas persoas coas que se atopa.

- Recoñecemento da universalidade da mensaxe cristiá e do feito de que Xesús superou os límites do seu pobo.
- Valoración das consecuencias culturais que tivo a misión evanxelizadora da Igrexa en canto a alfabetización do pobo, difusión das correntes artísticas e incorporación da piedade popular a cada cultura.

#### **Educación do consumidor:**

- Actitude crítica ante os casos de manipulación da personalidade por parte dalgunhas seitas.
- Valoración das iniciativas solidarias e disposición a participar nelas.
- Toma de conciencia da forma de vida baseada na pobreza evanxélica pola que optaron moitos cristiáns e cristiás, relativizando a posesión de moitos bens superfluos.

#### **Educación para a paz:**

- Interese polos valores que se fomentan nas peregrinacións como o Camiño de Santiago.
- Valoración dos aspectos positivos que achegan todas as respostas relixiosas ás preguntas que se formulan as persoas.

## **13. Actividades Complementarias e extraescolares do departamento.**

### *Marco teórico*

Os obxectivos das actividades deste departamento de relixión son:

- Procurar unha relación entre os alumnos que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.
- Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto.
- Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos de distintas culturas.
- Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos á cultura, arte e símbolos relixiosos do seu entorno. As actividades realizaranse sempre en coordinación co Departamento de Actividades Extraescolares que, no noso Centro, está baixo a supervisión de Vicedirección. Por iso a temporalización concreta de cada actividade farase co Plan que ha de establecerse nos primeiros días de clase cando se teñan os datos concretos de cada grupo e de outras materias e que ha de ser aprobado polo Consello Escolar do Centro. Por mor das dificultades económicas actuais e da ausencia de proteccións sociais e civís que amporen ós profesores nas saídas, este Departamento realizará as actividades en interrelación con actividades doutros Departamentos do Centro que xa estean programadas e apoiadas por os organismos responsables. E tamén nalgúns casos realizaranse as actividades en colaboración con outros Institutos para abaratar custos e para maior enriquecemento cultural dos alumnos.

### *Marco práctico Complementarias*

- Xornada Declaración Dereitos Humanos, Xornada de solidariedade no Nadal, Celebración do Día da Paz, do día da muller...
- .- Conta-contos/Charlas-coloquios-mesas redondas.-Xornada do libro: a Biblia, o Corán e a Biblia hebrea. Encrucillada das tres grandes relixións monoteístas. Uso da Biblioteca do

Centro.

*Extraescolares*

- Coñece a túa parroquia: visita a algunhas parroquias dos alumnos.
- Convivencias con outros alumnos de centros educativos.
- Saída ás rúas da cidade para análise da realidade e relación coa Doutrina Social da Igrexa.
- Viaxe a Santiago de Compostela para achegamento á tumba do Apóstolo Santiago ou doutro lugar de interese cultural - relixioso.
- Visita ao mosteiro de Carboeiro.
- Se durante o curso académico 2017/18 aparecera a posibilidade de facer algunha outra saída interesante e relacionada coa materia, tamén a levaríamos a cabo, porque o primeiro é a aprendizaxe significativa dos nosos alumnos.

## 14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación e Plan de mellora.

Para a recollida de información e análise de datos propoñemos o modelo de rúbrica seguinte

	Curso anterior			Curso actual			Observacións sobre o alumnado suspenso	1	2	3
	Nº alu	% A	% S	Nº alu	% A	% S	Escoita con atención as explicacións e orientacións			
RESULTADOS							Amosa dificultades de comprensión			
	COMENTARIO:						Amosa dificultades de psicomotricidade fina			
							Trae o material			
							Realiza os exercicios na clase			
							É autor/a dos traballos que presenta			
							Pregunta cando non entende			
							Fala a destempo e molesta aos compañeiros/as			
ANÁLISE DA PROGRAMACIÓN		Elemento					Cúmprese SI		Cúmprese NON	
		Contidos								
		Metodoloxía								
		Recursos e materiais								
		Instrumentos de avaliación								
Criterios de cualificación										

Baio, 16 de outubro de 2017

Os integrantes do Departamento de : M<sup>a</sup> Trinidad López Souto